

# LA BELLA DURMIENTE

CICLO DE DANZA CLÁSICA  
RUSSIAN NATIONAL BALLET



PROGRAMACIÓN - 2013

# NOVIEMBRE

TEATRO  
COLÓN




TEATRO

VENRES 1 E SÁBADO 2  
ÁS 20:30H

# NORMA ALEANDRO

110 min. 

MASTERCLASS 15, 20 E 25 EUROS 



TEXTO: TERRENCE MC NAULLY. DIRECCIÓN: AGUSTÍN ALEZZO. REPARTO: NORMA ALEANDRO, LUCIA GANDOLFO, CAROLINA GÓMEZ, MARCELO GÓMEZ, SANTIAGO ROSSO, HUGO ARGUELLO.

Master Class amosa a unha María Callas case retirada do canto, nunha das clases maxistras na Julliard School de New York, onde a través das súas propias experiencias e facendo gala dun humor cáustico e ás veces ofensivo, trata de inculcar a tres alumnos a paixón e disciplina necesarias para triunfar.

Master Class muestra a una María Callas casi retirada del canto, en una de las clases magistrales en la Julliard School de New York, donde a través de sus propias experiencias y haciendo gala de un humor cáustico y a veces ofensivo, trata de inculcar a tres alumnos la pasión y disciplina necesarias para triunfar.



DANZA

XOVES 7  
ÁS 20:30H

# EL LAGO DE LOS CISNES

 150 min.  
Dous descansos de 20'

 20, 23 E 26 EUROS

CICLO DE DANZA CLÁSICA  
BALLET NACIONAL DE ODESSA

AUTOR: P. TCHAIKOVSKY. LIBRETO: VLADIMIR BEGHITCHEV E VASILI GELETZER.  
COREOGRAFÍA: MARIUS PETIPA E LEV IVANOV.

É o ballet máis popular da historia e a peza que elevou a música de ballet á categoría de xénero musical. Baseada nunha lenda xermánica, narra a eterna loita entre o ben e o mal, onde o príncipe Sigfrido e a súa namorada Odette, convertida en cisne, son os protagonistas.

Es el ballet más popular de la historia y la pieza que ha elevado la música de ballet a la categoría de género musical. Basada en una leyenda germánica, narra la eterna lucha entre el bien y el mal, donde el príncipe Sigfrido y su enamorada Odette, convertida en cisne, son los protagonistas.



TEMPRO

VENRES 8 E SÁBADO 9  
ÁS 20:30 H

# EL BAILE

CON PEPE VIYUELA, SUSANA HERNÁNDEZ  
E CARLES MOREU

90 min. 

15, 20 E 24 EUROS 

AUTOR: EDGAR NEVILLE. VERSIÓN: BERNARDO SÁNCHEZ.  
DIRECCIÓN: LUIS OLMOS.

O texto de Edgar Neville é unha das pezas clave do teatro español da segunda metade do século XX, unha das escasísimas pezas cosmopolitas do noso repertorio. Este baile non pretende ser unha recuperación do de 1952, ao contrario, pretende contar o tempo, o país e o teatro que transcurrieron dende a súa estrea ata a actualidade.

El texto de Edgar Neville es una de las piezas clave del teatro español de la segunda mitad del siglo XX, una de las escasísimas piezas cosmopolitas de nuestro repertorio. Este baile no pretende ser una recuperación del de 1952, al contrario, pretende contar el tiempo, el país y el teatro que transcurrieron desde su estreno hasta la actualidad.



INFANTIL

COLABORA  
**GADIS**

DOMINGO 10  
ÁS 18:00H

# BICHARADA

55 min. 

5 EUROS 

BERROBAMBÁN

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA: EVARISTO CALVO. REPARTO: PAULA CARBALLEIRA, CHIQUI PEREIRA, ANABELL GAGO. VOZ EN OFF: PATRICIA DE LORENZO.

Berrobambán regresa ao territorio mudo para contarnos a historia dunha araña e unha formiga que viven en paz no seu recuncho até que un día aparece un animal misterioso: un escaravello! Unha fábula sobre veciños molestos e incómodos que, malia teren hábitos distintos, acaban facéndose amigos. Para nenos maiores de 3 anos.

Berrobambán regresa al territorio mudo para contarnos la historia de una araña y una hormiga que viven en paz en su rincón hasta que un día aparece un misterioso animal: un escarabajo! Una fábula sobre vecinos molestos e incómodos que, pese a tener hábitos distintos, acaban haciéndose amigos. Para niños mayores de 3 años.

TEATRO

VENRES 15  
ÁS 20:30 H

# HERMANAS

CON AMPARO LARRAÑAGA, MARÍA PUJALTE  
E MARINA SAN JOSÉ

90 min. 

15, 20 E 22 EUROS 

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA: CAROL LÓPEZ. REPARTO: AMPARO LARRAÑAGA, MARÍA PUJALTE, MARINA SAN JOSÉ, AMPARO FERNÁNDEZ, CHISCO AMADO, ADRIÁN LAMA.

A morte. A vida. Unha cociña onde se cociña todo. Un prólogo. Dous actos. Un epílogo. A familia. Tres irmás: Inés, Irene, Ivonne. A viúva, o adolescente e o noivo que chega. Hai que enterrar ao pai.

Premio Max ao Mellor autor en catalán. Premio Butaca á mellor montaxe teatral da tempada e mellor texto. Premio da Crítica de Barcelona á mellor dirección e á mellor actriz para Amparo Fernández.


La muerte. La vida. Una cocina donde se cocina todo. Un prólogo. Dos actos. Un epílogo. La familia. Tres hermanas: Inés, Irene, Ivonne. La viuda, el adolescente y el novio que llega. Hay que enterrar al padre.

Premio Max al Mejor autor en catalán. Premio Butaca al mejor montaje teatral de la temporada y mejor texto. Premio de la Crítica de Barcelona a la mejor dirección y a la mejor actriz para Amparo Fernández.

MÚSICA

SÁBADO 16  
ÁS 20:30H

# PATRICIA KRAUS

 75 min.

 10, 15 E 18 EUROS

CANCIONES DESNUDAS

VOZ: PATRICIA KRAUS. PIANO: GHERARDO CATANZARO.

Patricia Kraus presenta neste concerto temas do seu último traballo, Retrocollection, e do anterior, Vintage Fun Club, impregnado das harmonías do jazz, blues e o soul no que a artista acada un grao interpretativo sublime, que se traduce nun potente directo. Estará acompañada do recoñecido pianista italiano Gherardo Catanzaro.

Patricia Kraus presenta en este concerto temas de su último trabajo, Retrocollection, y del anterior, Vintage Fun Club, impregnado de las armonías del jazz, blues y el soul en el que la artista alcanza un grado interpretativo sublime, que se traduce en un potente directo. Estará acompañada del reconocido pianista italiano Gherardo Catanzaro.

música

VENRES 22  
ÁS 21:00H

90 min.

10 E 15 EUROS

# LOS GOFIONES

Considerados pola crítica especializada como un dos mellores conjuntos de música popular canaria, Los Gofiones traspasaron as fronteiras insulares grazas ao rigoroso traballo levado a cabo dende a súa creación en 1968. Nestes momentos conviven no grupo 38 instrumentistas e cantantes de seis xeracións.

Considerados por la crítica especializada como uno de los mejores conjuntos de música popular canaria, Los Gofiones han traspasado las fronteras insulares gracias al riguroso trabajo desarrollado desde su creación en 1968. En estos momentos conviven en el grupo 38 instrumentistas y cantantes de seis generaciones.

HUMOR

SÁBADO 23  
ÁS 19:30 E 22:00H

# ¿QUÉ HAY DE NUEVO?

90 min.

12, 17 E 19 EUROS

CON LEO HARLEM E DANI DE LA CÁMARA

Dous dos mellores monoloxuistas deste país unen as súas forzas e volven xuntos a Galicia para presentar ¿Qué hay de nuevo?, convertido xa no espectáculo teatral máis divertido do momento. Dani de la Cámara será a parella de baile de Leo Harlem nunha proposta na que o público acabará exhausto de tanto rir.

Dos de los mejores monoloxuistas de este país unen sus fuerzas y vuelven juntos a Galicia para presentar ¿Qué hay de nuevo?, convertido ya en el espectáculo teatral máis divertido del momento. Dani de la Cámara será la pareja de baile de Leo Harlem en una propuesta en la que el público acabará exhausto de tanto reír.

INFANTIL



DOMINGO 24  
ÁS 18:00H

COLABORA  
**GADIS**

60 min.

10 EUROS

# BEAUTY AND THE BEAST

TEATRO EN INGLÉS

DIRECCIÓN, MÚSICA E LIBRETO: JAVIER DE PASCUAL LÓPEZ. PRODUCCIÓN MUSICAL E ARRANXOS: RAMIRO OBEDMAN. REPARTO: ANTHONY ROTSA E LAURA ROJAS.

Versión en inglés da aclamada obra musical adaptada para maiores de 8 anos. Interpretada por dous actores nativos, os nenos terán a oportunidade de encarnar a algún dos personaxes -converténdose no mordomo Fred ou na súa criada Ava- e de axudar a Besta a conquistar a Bela. Todo baixo unha única condición: durante a función só se pode falar en inglés.

Versión en inglés de la aclamada obra musical adaptada para mayores de 8 años. Interpretada por dos actores nativos, los niños tendrán la oportunidad de encarnar a algunos de los personajes -convirtiéndose en el mayordomo Fred o en su criada Ava- y de ayudar a Bestia a conquistar a Bella. Todo bajo una única condición: durante la función sólo se puede hablar en inglés.

DANZA



VENRES 29  
E SÁBADO 30  
ÁS 20:30 H.

# LA BELLA DURMIENTE

90 min.

CICLO DE DANZA CLÁSICA  
RUSSIAN NATIONAL BALLET

20, 23 E 26 EUROS

COMPOSITOR: TCHAIKOVSKY. DIRECCIÓN: SERGEI RADCHENHO. SOLISTAS: MARIA SOHOLNIKOVA, AIDOS ZAHAN.

Considerada unha das pezas imprescindibles da danza clásica, La Bella Durmiente xunta a coreografía de Marius Petipa, o libreto de Ivan A. Vsevolojy e a música de Piotr Tchaikovsky. Orixinalmente foi estreado en 1890 con grande éxito no Teatro Mariinski de San Petersburgo, en pleno romanticismo tardío.

Considerada una de las piezas imprescindibles de la danza clásica, La Bella Durmiente junta la coreografía de Marius Petipa, el libreto de Ivan A. Vsevolojy y la música de Piotr Tchaikovsky. Originalmente fue estrenado en 1890 con gran éxito en el Teatro Mariinski de San Petersburgo, en pleno romanticismo tardío.

# T | TEATRO COLÓN



Deputación  
DA CORUÑA

[WWW.TEATROCOLON.ES](http://WWW.TEATROCOLON.ES)



@TEATRO\_COLON

[servinova.com](http://servinova.com)  
902 504 500

**VENDA DE ENTRADAS:** Taquillas (só en efectivo): Praza de Ourense, luns a venres de 9.30 a 13 h. e 16.30 a 19.30 h. • Centro Sociocultural Novacaixagalicia, Cantón Grande 21-23, luns a sábado, de 9 a 21h. • Teatro Colón o día do espectáculo, de 12 a 14h. e de 17 a peche • 902 504 500, luns a sábado de 8 a 22h. [www.servinova.com](http://www.servinova.com) e [www.teatrocolon.es](http://www.teatrocolon.es) (24h.)

**LIÑA DE DESCONTOS:** 10% Estudantes: FP, Bacharelato e Universitarios • 10% Xubilados maiores de 65 anos • 10% Desempregados • 20% Estudantes da Universidade da Coruña (só en principal) • 20% Grupos de máis de 20 persoas

Unha vez comezado o espectáculo non se permite a entrada